

Celga



2

PROBA B (ORAL)

Caderno do persoal examinador



XUNTA
DE GALICIA

SECRETARÍA XERAL
DE POLÍTICA
LINGÜÍSTICA

C2-B-II-22

PARTE 1 (Texto escrito)

A continuación vai ler vostede un artigo sobre as festas en Galicia. Tome as notas que precise. Na entrevista oral terá que:

- Resumir o texto.
- Facer un breve relato.
- Conversar sobre o tema.

Festas «Made in Galicia»



En Galicia somos festeiros por natureza. As festas son, sen dúbida, unha das tradicións máis arraigadas e apreciadas polos galegos. Cada lugar, parroquia e concello organiza as súas propias.

Tal é a nosa paixón polas festas que ata buscamos o seu recoñecemento. Son un fenómeno cultural que debemos conservar e enriquecer na medida do posible. E é este o motivo polo que se está a impulsar a declaración das festas parroquiais de Galicia como ben de interese cultural (BIC).

Máis festas que concellos

Cada ano, con puntualidade, celébranse en Galicia multitude de eventos e feiras que atraen miles de visitantes.

Galicia ten 315 concellos e cada un deles conta, como mínimo, cunha festa patronal. É unha das comunidades con maior tradición en canto a verbenas, e iso nótase á hora de contratar un grupo musical. Todas as festas teñen que ter unha orquestra. No 2010 foron 2387 as verbenas que tiveron lugar en Galicia e 5743 as actuacións que se celebraron.

Ampla oferta musical

Ademais das verbenas, e pensando nun público máis novo, a oferta de festivais e concertos vai medrando ano tras ano. A oferta é moi variada, e depende dos gustos musicais de cada persoa.

Para os amantes do jazz está o Festival de Jazz de Vigo, os fans da música folk teñen o Festival Internacional do Mundo Celta de Ortigueira e os fanáticos da música *heavy metal* contan co Resurrection Fest de Viveiro.

Festas para todos os gustos

Festas relixiosas, festas tradicionais, festas gastronómicas ou simplemente a festa pola festa, todas elas conforman a identidade do pobo e da cultura galega.

A tradición relixiosa está moi presente no calendario festivo galego. Destacan por dereito propio a celebración do Apóstolo, o patrón de Galicia; as festas mariñeiras en honor á Virxe do Carme ou o Corpus Christi de Ponteareas.

Pero tamén hai oco para festas que non teñen ningunha motivación relixiosa como a Festa da Auga en Vilagarcía de Arousa ou a Festa de Dorna en Ribeira.

Ao longo do ano hai celebracións que inclúen a preparación e degustación dos produtos típicos da zona. A Feira do Queixo de Arzúa, a Festa do Marisco do Grove ou a Festa do Albariño de Cambados son un bo exemplo da oferta gastronómica da nosa terra.

Sen dúbida, estamos feitos para a festa. Calquera escusa é boa para reunirmos cos amigos e celebrar o que sexa —un aniversario, un nacemento, un casamento...— ou simplemente para xuntarnos coa familia os domingos arredor dunha mesa.

A diversión e a troula están, de sobra, garantidas.

Fonte: Varios

PARTE 2

1. BENVIDA E PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL	1-2 minutos aprox.
<p>Orientacións para o persoal avaliador: esta parte NON é un interrogatorio e as preguntas NON se avalían. Trátase de que a persoa candidata se sinta a gusto e de que se tranquilice, polo que cómpre evitar as preguntas que a poidan incomodar ou as que resulten molestas.</p>	
<ul style="list-style-type: none">■ Como se chama?■ A que se dedica?■ De onde é? Fale un pouco sobre a súa cidade/vila/aldea...■ Canto tempo leva estudando galego?■ Por que o estuda?■ Que lle gusta facer no tempo libre? Que afeccións ten? <p>(Se procede)</p> <ul style="list-style-type: none">■ Que lle gusta máis da cultura galega?■ Que diferenzas atopa entre a cultura galega e a súa?	
2. RESUMO	2 minutos aprox.
<p>Orientacións para para o persoal avaliador: a persoa candidata ten que realizar un resumo do artigo. Nesta fase preténdese comprobar que a persoa candidata entendeu o texto. NON é unha proba de memoria e, polo tanto, non é relevante que non lembre detalles concretos. En caso de que quede en branco, ou de que o seu resumo resulte excesivamente breve, pódese axudar formulando algunha(s) das seguintes preguntas:</p>	
<p>Faga un resumo do contido do artigo.</p> <ul style="list-style-type: none">■ Que festas se celebran en Galicia?■ Que recoñecemento se lles quere dar ás festas galegas?■ Que importancia teñen as festas para os galegos?■ A que espectáculos musicais pode asistir en Galicia?	

3. RELATO

3 minutos aprox.

Orientacións para o persoal avaliador: nesta parte a persoa candidata debe relatar unha anécdota ou unha historia. A persoa entrevistadora escollerá unha das alternativas e diralle á persoa candidata que faga un relato. Se non avanza, poderáselle axudar con preguntas do tipo: Que pasou? Cando? Como? Onde? Con quen? A opción de relato que se lle dá á persoa candidata (A, B, C...) debe manterse tamén na parte de interacción.

- A.** Relate algunha anécdota que lle pasou a vostede, ou a algunha persoa coñecida, a última vez que asistiu a un espectáculo musical (verbena, concerto, festival...).
- B.** Conte con detalle como se celebraban as festas cando era neno/a (festas da súa aldea, vila, cidade...).
- C.** Conte algún suceso ou anécdota que lle pasase a vostede, ou a algunha persoa coñecida, nalgunha celebración familiar (aniversario, casamento...).

4. INTERACCIÓN

4 minutos aprox.

Orientacións para o persoal avaliador:

Apartir de temas relacionados co texto, establecerase unha conversa coa persoa candidata.

Hai que ter en conta que NON se trata dun interrogatorio.

As preguntas son só suxestións e DEBENADECUARSE, na medida do posible, ao discurso da persoa candidata.

OPCIÓN A

- Gústalle a música? Que tipo de música escoita? Onde adoita escoitala? Por que?
- E gústalle bailar? Que estilo lle gusta máis?
- Pensa que os galegos somos moi festeiros? E vostede, considérase festeiro/a?
- Acostuma asistir a espectáculos musicais? Onde vostede vive hai posibilidade de asistir a verbenas, festivais ou concertos de música? Cales?
- Gústalle as orquestras? Que opina do éxito que están a ter en Galicia? Coñece algunha? Cal é para vostede a mellor de todas?
- Divírtese indo ás verbenas ou prefire outro tipo de espectáculos? Por que?
- Sae a miúdo de festa ou, pola contra, cánsao/a saír? Por que?

(Se procede)

- Hai algunha diferenza na maneira de divertirse en Galicia respecto do seu lugar de orixe?

OPCIÓN B

- Cambiaron moito as festas desde que era rapaz/a? De que maneira?
- Cantos días duraban? Tiñan moitos convidados? Quedaban a durmir?
- Parécelle que cambiou moito a maneira de divertirse da xente? Como? Por que?
- Quen se encargaba de organizar as festas? Como xuntaban os cartos?
- Estaría vostede disposto a formar parte dunha comisión de festas para organizar unha verbena na súa vila? Por que?

(Se procede)

- Hai algunha diferenza na maneira de divertirse en Galicia respecto do seu lugar de orixe?

OPCIÓN C

- Adoita facer unha festa para celebrar o seu aniversario? Con quen? Como?
- Cambiou moito a forma de festexar os aniversarios desde que era rapaz/a? Por que?
- Parécelle máis adecuado facer este tipo de xuntanzas na casa ou nun restaurante? Por que?
- Pensa que hoxe a xente gasta demasiado diñeiro para calquera tipo de celebración: casamentos, bautizos, comuñóns...? Por que?
- Acostuma vostede xuntarse os domingos coa familia? Por que? Como organizan esas reunións en familia?

(Se procede)

- Hai algunha diferenza na maneira de divertirse en Galicia respecto do seu lugar de orixe?

